

(I)

Espreito a miña horta baleira
e fago do meu corpo unha decrúa

semento pegadas dixitais
no medio das ortigas

escribo
sobre o chan

palabras para morse.

(II)

Paseo por min
coma un funambulista de arame
así
coa cara desolada

sen plumas.

(III)

E así
adopto a realidade
e procuro a perfección do viandante.

Imito os seus zapatos.

Vou sorrindo do xeito en que sorrín
a tele e as familias

corto as branquias
(aplausos)

agocho a miña pel

na caixa
dos perfumes.

Son
así

un residente sen rostro

e pinto na caluga unha diana.

Vou trazando os círculos no corpo
e as cores

semento a miña pel
de frechas
e de humus.

(IV)

Quero determe un segundo contigo.

Nace o malabarista
e eu penso asistir ó seu parto entre as maceiras
do mesmo xeito
que hai tempo asistín á fundación da cidade
e da casa
e das torres do vixía
coas que matan ás baleas
para depurar o océano de todo instinto creador.

E entón falarle da visión
ó igual que un día chegou ós meus oídos
a palabra decrúa
e tender así
unha ponte infinda
entre os magnolios.

Pero non quero convencerte de nada
facer apoloxía de nada
tirar nada.

O único que quero
é construír unha historia comigo
unha narración
un relato.

A fin de contas
eu o único que son
é un texto
un relato
un poema que me conto e conto ós outros
para poder definirme
e dar coherencia á experiencia.

Igual ca ti
ou igual que a realidade.

porque eu son un linde
entre as ficcións posibles
un barco varado no areal
un lugar frecha.

E esta é a realidade

unha ficción á favor do capital
un relato de letras contra os ollos

así,
para desposuírte do espacio
e abonarte
de balas e de humus:

esta é a realidade.

Pero hoxe quero determe un segundo contigo.
Mira;
nace o malabarista
e eu penso asistir ó seu parto entre as maceiras
do mesmo xeito
que hai tempo asistín á fundación da cidade
e da casa
e das torres do vixía
coas que matan ás baleas
para depurar o océano de todo instinto creador.

E entón falarde da visión
ó igual que un día chegou ós meus oídos
a palabra decrúa

e tender así
contigo

unha ponte infinda
entre os magnolios.